

II Xornada de portas abertas nos Centros Singulares de Investigación da USC

luns, 29 outubro, 2018 - 10:12

A Rede de Centros Singulares de Investigación da Universidade de Santiago de Compostela (RCSI-USC) celebra o vindeiro sábado 10 de novembro a segunda edición da súa xornada de divulgación «Ciencia Singular», un encontro que convida á cidadanía galega a coñecer in situ a investigación de excelencia que realizan CiQUS, CiMUS e CiTIUS.



Adentrarse nun centro de investigación científica de excelencia para coñecer de preto ao seu persoal e o traballo que este desempeña. O vindeiro sábado, 10 de novembro, a Rede de Centros Singulares de Investigación da Universidade de Santiago de Compostela celebra a súa segunda xornada de portas abertas «Ciencia Singular», co obxectivo de achegarse á cidadanía galega e reivindicar o papel deste centros de referencia científica desde a súa localización no campus de excelencia internacional **Campus Vida**. A xornada constitúe así coma o gran encontro divulgativo do **CiQUS** (Química Biolóxica e Materiais Moleculares), o **CiMUS** (Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas) e o **CiTIUS** (Tecnoloxías da Información), e servirá para dar testemuño da calidade dos resultados de investigación da rede, así como do valor engadido que está a achegar á mellora da nosa calidade de vida.

Ao longo da 'II Edición de Ciencia Singular' os visitantes participarán en distintas actividades, como charlas de divulgación, obradoiros científicos ou experimentos infantís, así como encontros con especialistas ou demostracións de tecnoloxías desenvolvidas nos centros.

O futuro é tecnolóxico

No **CiTIUS** trabállase no desenvolvemento de novas tecnoloxías informáticas en distintas áreas, como a Intelixencia artificial, a Supercomputación, a Robótica ou a Nanosensórica. Todas elas contan con múltiples aplicacións no eido das ciencias da computación, mais tamén en ámbitos como a industria manufactureira, a seguridade, a sanidade ou o transporte, sempre co obxectivo final de mellorar a nosa calidade de vida.

A Química: unha ciencia interdisciplinar para o século XXI

A Química é unha das ferramentas máis poderosas coas que conta a sociedade para afrontar os desafíos presentes e futuros. O compromiso diario do **CiQUS** en campos como a saúde (Química Biolóxica e Médica) ou a industria (Materiais Funcionais, Catálisis) permitiu que en só oito anos o centro se consolidara como referente de investigación multidisciplinar, na fronteira entre a Química, a Biomedicina e a Ciencia de Materiais.

Enfermidades crónicas e medicina molecular

O **CiMUS** traballa na prevención, comprensión e tratamento das enfermidades crónicas en áreas como Cancro, Endocrinoloxía e Nutrición, Trastorno Cardiovascular, Neurociencias, Xenética e Xenómica Funcional, Terapias experimentais ou Bioestatística. Xunto co Hospital Clínico Universitario de Santiago, o centro está integrado no IDIS, un Instituto de Investigación Sanitaria

acreditado polo Ministerio de Sanidade.

Ciencia para tódolos públicos

A participación nesta xornada é completamente gratuíta e *require inscrición previa* a través do [formulario web disposto pola organización](#). O programa está deseñado para visitar os tres centros ao longo do día (mañá e tarde) en diferentes franxas horarias.

Os tres centros da RCSI están financiados polo Programa de axudas competitivas para a acreditación, estruturación e mellora de centros de investigación singulares e agrupacións estratéxicas consolidadas do Sistema Universitario de Galicia.